



A Fundación Rosalía de Castro, para conmemorar os 25 anos do PREMIO ROSALÍA CASTRO PARA MESTRES E PEDAGOGOS, creou o PREMIO ROSALÍA DE CASTRO PARA EXPERIENCIAS PEDAGÓXICAS, que vai xa na súa quinta convocatoria.

O certame pretende potenciar o coñecemento de Rosalía e da súa obra, referencia imprescindible na formación integral dos escolares. Alén dos seus valores literarios e lingüísticos, os textos rosalianos teñen unha enorme potencialidade como motivadores de propostas de traballo nas aulas de ensino obrigatorio. Por iso consideramos que a obra de Rosalía de Castro resultará un bo material para traballar na innovación pedagóxica.


Un dos eidos máis interesantes deste traballo é a elaboración de unidades didácticas adaptadas aos diferentes niveis de ensino obrigatorio, específicas de área, interdisciplinares ou globalizadoras, segundo a etapa na que se apliquen. Desde o estímulo que representa a poeta para un obradoiro literario, pasando polas aulas de música e de educación plástica e visual, a inspiración de maquetas nos talleres de tecnoloxía, a localización e estudo de espazos naturais e artísticos, a elaboración de itinerarios xeográficos vinculados á obra rosaliana e á súa autora, a suxestión que teñen moitos textos para o teatro, a contribución da aprendizaxe de poemas ao fortalecemento da memoria colectiva... Non poden explicarse de maneira máis motivadora os rudimentos da nosa demografía que co emprego dalgúns poemas de "As viudas dos vivos e as viudas dos mortos". A palabra de Rosalía poderá fundamentar o labor da educación para a igualdade e a súa pluma comprometida dará lugar a non poucas reflexións arredor dun fenómeno inverso, xa cada vez máis frecuente nas nosas aulas: a emigración e o triste desarraigo que padecen "os que noutras terras/ tén que buscar pan".

En consecuencia, a unidade didáctica ha desenvolver tamén contidos e valores nos que creu Rosalía, contemporánea dos seus, avanzada do seu tempo e previsora dos comportamentos que habían de promoverse no futuro: o drama épico da emigración que sufriu a Galicia máis pobre e viven hoxe moitos pobos da humanidade; a problemática das mulleres con relación á igualdade, á creación e ao pensamento libre; e a denuncia da inxustiza, así como a defensa dos valores medioambientais, xa que ela foi unha extraordinaria cantora da paisaxe e da súa conservación.

A Matanza, 15 de xullo de 2008

V Premio Rosalía de Castro para experiencias pedagóxicas


FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO
Casa da Matanza
15917 PADRÓN (A Coruña)



FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO


Unidades didácticas

V PREMIO
ROSALÍA DE CASTRO
PARA EXPERIENCIAS
PEDAGÓXICAS



CURSO ESCOLAR 2008-2009

BASES



1.- Poderán concorrer ao VPREMIO ROSALÍA DE CASTRO PARA EXPERIENCIAS PEDAGÓXICAS as unidades didácticas, desenvoltas en lingua galega, nos niveis obrigatorios do ensino durante o curso escolar 2008-09, que xiren arredor de Rosalía de Castro e a súa obra.

2.- Os aspirantes presentarán:

2.1. Unha **unidade didáctica** que conste, cando menos, dos seguintes apartados:

- Descrición do centro ou centros nos que foi aplicada
- Profesorado que participa na experiencia
- Alumnado ao que foi destinada
- Obxectivos que se perseguiron
- Contidos educativos que se desenvolveron
- Metodoloxía aplicada
- Relación do material de apoio seleccionado
- Actividades propostas
- Criterios e procedementos de avaliación
- Valoración global do resultado

2.2. Mostra significativa das actividades realizadas polo alumnado

2.3. Certificación da dirección do centro ou centros que acredite a experiencia.

3.- A Unidade, asinada polo outor/a ou coordinador/a, presentaranse por quintuplicado.

4.- O xurado valorará os seguintes aspectos:

- Idoneidade da selección de obxectivos e contidos
- Idoneidade da selección de textos rosalianos
- Selección e variedade do material de apoio.
- Implicación da comunidade educativa.
- Carácter innovador
- Emprego das novas tecnoloxías.
- Atención á diversidade.

5.- Os traballos enviaranse por correo certificado, antes do 25 de maio de 2009, ao seguinte enderezo:

V PREMIO ROSALÍA DE CASTRO
PARA EXPERIENCIAS PEDAGÓXICAS
FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO
Casa da Matanza
15900 PADRÓN (A Coruña)

6. - Concederanse dous galardóns:

Primeiro premio: 3.000 euros e un lote de libros para o centro, así como diplomas acreditativos para os autores e os centros.

Segundo premio: 1.500 euros e un lote de libros para o centro, así como diplomas acreditativos para os autores e os centros.

7. - O xurado terá capacidade para interpretar estas bases e poderá outorgar as mencións que considere oportunas. O premio poderá ser declarado deserto se, a seu xuízo, os traballos non teñen calidade suficiente. O fallo do xurado será inapelable.

8.- Os traballos premiados quedarán a disposición da Fundación Rosalía de Castro, que se reserva o dereito de expoñelos na súa aula pedagóxica e de publicalos para a súa divulgación. Os que non obtivesen galardón poderán retirarse no prazo dun mes a partir do día do fallo.

9.- O premio fallarase durante a primeira quincena de xuño e a entrega terá lugar o día 15 de xullo de 2009 no transcurso do acto que a Fundación Rosalía de Castro celebra anualmente para comenmorar o pasamento da escritora.